

---

## O CESGA galardoado nos VII Premios ETI 2003

- Actualizado (21.09.2005)

O Centro de Supercomputación de Galicia fíxose con dous premios no VII Encontro de Tecnoloxías da Información (ETI) celebrado o pasado 13 de febreiro en Santiago de Compostela. Estes Premios ETI, organizados polo seminario Computing e PricewaterhouseCoopers, en colaboración con Sun Microsystems Ibérica, buscan impulsar as mellores iniciativas para o desenvolvemento das novas tecnoloxías da información en Galicia.

O primeiro premio na categoría de Institucións foi para o Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia, e nesta mesma categoría tamén se recoñeceu cun accésit ó Proxecto Superordenador Virtual Galego (SVG).